

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 5 de agosto de 2019, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do cambio de uso de forestal a agrícola da parcela 18 do polígono 43, na parroquia de Sobrado de Picato, concello de Baralla, e da parcela 153 do polígono 72, na parroquia de Santo Estevo de Folgosa, concello do Corgo (clave do expediente 2019/0064).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental formulado pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 5 de agosto de 2019, do cambio de uso de forestal a agrícola de varias parcelas nas parroquias de Sobrado de Picato e Santo Estevo de Folgosa, concellos de Baralla e O Corgo (Lugo), promovido por SAT Herbón Núñez 1309 XUGA.

O dito informe poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 5 de agosto de 2019

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

CVE-DOG: djwfcg20-gcz5-7pm2-vtk0-o4qv000tpv80

